


# TERREO DE XOGO MINI/PREMINI



# TERREO DE XOGO MINI/PREMINI



- O terreo de xogo será unha superficie plana e dura, libre de obstáculos, cunhas dimensións de vinteoito (28) metros de largo e quince (15) de ancho, medidos dende o borde interior das liñas que o delimitan.

As medidas tamén poden ser as seguintes: 26x14, 24x13 e 22x12.

# CANASTRAS MINI

**1.- CANASTRAS DE PÉ BASCULANTES:**  
Estas canastras son as ideais xa que baixan á altura axeitada e avanza para salvar a diferenza de 60 centímetros entre regulamento FIBA e MINIBASKET



# CANASTRAS MINI



## 2.- CANASTRAS DE PÉ TAMAÑO MINI:

Se o equipo decide metelas no terreo de xogo para salvar a diferenza de 60 cm no tiro libre deberá pintar unha liña de fondo á altura do poste vertical DIAGRAMA 1

Se o equipo decide deixalas fóra do terreo de xogo deberá pintar unha liña a 4 metros do taboleiro para indicar o tiro libre e a liña de tres puntos. DIAGRAMA 2

# CANASTRAS MINI


## 3.- CANASTRAS DESCENDENTES:

Este tipo de canastras consiguen colocar o aro á altura axeitada pero o equipo terá que pintar unha liña a 4 metros do taboleiro para indicar o tiro libre e a liña de tres Puntos. DIAGRAMA 2






# DIAGRAMA 1



# DIAGRAMA 2



# NÚMERO DE XOGADORES

4/5



PREMINI -  
BENXAMÍN

• 10-7




MINI - ALEVÍN

• 12-9 Zonal  
12-10 FGB

**O PARTIDO DISPUTARÁSE SEMPRE QUE SE PRESENTEN O MÍNIMO NECESARIO DE XOGADORES (4 EN BENXAMÍN E 5 EN ALEVÍN)**



# TEMPO DE XOGO MINI/PREMINI



# TEMPO DE XOGO MINI/PREMINI



- O partido componse seis (6) períodos de oito (8) minutos sendo os primeiros sete (7) minutos dos cinco primeiros períodos a tempo corrido e un (1) minuto final a tempo normal FIBA.

No caso do sexto período, xogaranse os primeiros cinco (5) minutos a tempo corrido e tres (3) minutos finais a tempo normal FIBA.

Calquera período extra xogárase a tres (3) minutos a tempo corrido e dous (2) minutos finais a tempo normal FIBA.

# INTERVALOS MINI/PREMINI



# INTERVALOS MINI/PREMINI





- Haberá intervalo de xogo previo ao inicio do encontro de vinte (20) minutos.

O intervalo de xogo será dun (1) minuto entre o primeiro e segundo período, segundo e terceiro (primeira parte), entre o cuarto e quinto período, quinto e sexto (segunda parte). Antes de cada período extra, o intervalo será de dous (2) minutos.

Entre o terceiro e cuarto período (metade do partido), o intervalo será de cinco (5) minutos.

# TEMPOS MORTOS MINI/PREMINI

2 TEMPOS MORTOS



1 TEMPO MORTO EN CADA UNHA

3 TEMPOS MORTOS

DE NON SOLICITARSE O PRIMEIRO DOS TRES TEMPOS MORTOS ANTES DOS DOUS ÚLTIMOS MINUTOS DO SEXTO PERÍODO, ÉSTE ANULARÁSE E O ADESTRADOR SÓ DISPORÁ DOS DOUS TEMPOS RESTANTES.



# TEMPOS MORTOS MINI/PREMINI



- Pódense conceder dous (2) tempos mortos a cada equipo en calquera momento da primeira metade; tres (3) en calquera momento da segunda metade e un (1) durante cada período extra.

A oportunidade de tempo morto comezará cando:

- . Para ambos equipos, ao quedar o balón morto, o reloxo de partido está parado e o árbitro rematou a súa comunicación coa mesa de oficiais
- . Para ambos equipos, o balón queda morto despois dun único ou último tiro libre convertido
- . Para o equipo que recibe unha canastra, convértese un tiro de campo

No momento no que o balón está a disposición dun xogador para efectuar un saque ou para o primeiro ou único tiro libre, a oportunidade de tempo morto rematou.

Non se concederá tempo morto ao equipo que converteu a canastra cando se deteña o reloxo a continuación dun tiro de campo convertido durante os dous (2) último minutos do sexto período ou de calquera período extra, a menos que un dos árbitros interrompa o partido.

Durante o tempo morto ou intervalos antes do inicio de calquera período (agás do primeiro), os xogadores poden abandonar o terreo de xogo e sentarse no seu banco de equipo. Ademais, as persoas autorizadas a estar na zona de banco poden entrar no terreo de xogo a condición de permanecer preto da mesma.

# REGRAS ESPECÍFICAS MINIBASKET

## Tempo de xogo



- O cronometrador controlará o tempo de xogo sen parar o reloxo nos minutos a tempo corrido, salvo que o árbitro faga sonar o seu chifre nos seguintes casos:
  - . Falta con penalización de tiro, parándose cando o árbitro se dirixa os oficiais de mesa e sinaliza a penalización
  - . O finalizar o tempo dun período.
  - . Un tempo morto
  - . Cando se concede un relevo no sexto período ou períodos extras
  - . Cando un xogador comete a súa quinta falta ou falta descalificante
  - . Cando un xogador se lesione
  - . Cando un árbitro indique o cronometrador que o deteña en situacións particulares.

# REGRAS ESPECÍFICAS MINIBASKET

## Diferenza de 50 puntos



Se durante a disputa dun encontro, un equipo supera no marcador o seu rival por unha diferenza de 50 puntos, o partido darase por finalizado, sendo o resultado o recollido nese intre pola acta oficial.

O encontro seguirase disputando pero cos minutos restantes sen parar o reloxo, salvo en tempos mortos, e deixarase de anotar a puntuación.

O equipo que superou esa diferenza non poderá facer defensas presionantes a toda pista no que reste de encontro.

Neste sentido, entenderase como defensa presionante a toda pista aquelas que se realicen máis alá da pista traseira do equipo defensor, isto é, máis alá da liña central da pista de xogo.

O incumprimento desta norma non suporá unha sanción regulamentaria durante o partido. Os árbitros advertirán unha vez da circunstancia e de persistir nese tipo de defensa informará no dorso da acta de tal situación.

# REGRAS ESPECÍFICAS MINIBASKET

## Saque e substitución



- No caso dos saques, os árbitros non tocarán o balón en ningunha das pistas para o saque de lateral, salvo en faltas, tempos mortos ou relevos.

No caso das substitucións, a regra aplicarase como sigue:

Non se permitirá facer substitucións durante os primeiros cinco períodos salvo:

. Substituír a un xogador lesionado. O xogador lesionado que dispute soamente un dos cinco primeiros períodos e se recupere poderá xogar unicamente o sexto.

Chegados ao sexto período e período/s extra, un equipo poderá substituír a un ou varios xogadores durante unha oportunidade de substitución, comezando esta cando:

. Para ambos equipos, o balón queda morto, o reloxo de partido está parado (últimos 3' do sexto e últimos 2' de calquera período extra) e o árbitro finalizou a súa comunicación coa mesa de oficiais

. Para ambos equipos, o balón queda morto, o reloxo de partido sigue en marcha (primeiros 5' do sexto e primeiros 3' de calquera período extra) excepto despois de canastra.

. Para ambos equipos, o balón queda morto despois dun único ou último tiro libre convertido

. Para o equipo que recibe a canastra, convértese unha canastra de campo cando o reloxo de partido mostre 2:00 minutos ou menos do sexto período ou 2:00 minutos ou menos de calquera período extra.

# REGRAS ESPECÍFICAS MINIBASKET

## Saque e substitucións



- Cada xogador deberá xogar polo menos dous períodos completos durante os cinco primeiros, entendéndose por completo dende que se inicia o período ata que finaliza, salvo as seguintes excepcións:
  - . Un xogador que non finalice un período por lesión, considerase que xa xogou o período completo e, se non pode reincorporarse ao xogo, considerase a súa aliñación como válida. Toda lesión deberá vir certificada por un médico da organización, ben sexa nunha substitución nun período, ben sexa por non poder seguir xogando o resto do partido. No caso de non existir médico, prevalecerá o criterio arbitral.
  - . A un xogador lesionado non existe obrigação de substituílo se recibe asistencia, sempre e cando o xogo non se deteña por máis de dous (2) minutos.
  - . A aliñación dun xogador descalificado ou excluído considerase válida aínda que non xogue dous períodos completos.
  - . O xogador que substitúe ó xogador lesionado, descalificado ou excluído, non se lle contará como completo o período xogado (nin como xogado nin como descansado)



# REGRAS ESPECÍFICAS MINIBASKET

## Saque e substitucións



- Cada xogador deberá permanecer no banco de substitutos durante dous períodos completos nos cinco primeiros, entendéndose por completos dende que se inicia ata que finaliza, sen excepcións.

NO CASO DA CATEGORÍA PREMUNI, E A DIFERENZA DE ANTERIORES TEMPADAS, DEBERÁ PERMANECER NO BANCO DE SUBSTITUTOS DURANTE DOUS PERÍODOS COMPLETOS NOS CINCO PRIMEIROS.

# REGRAS ESPECÍFICAS MINIBASKET

## Defensa Ilegal



- Sancionase cunha falta técnica tipo “E” aquela falta que se produce cando un equipo realiza unha defensa ilegal.

Permítese calquera tipo de defensa, entendéndose por ilegal aquela que se produza cando un xogador defensor permaneza máis de 5 segundos na zona restrinxida sen a presenza dun adversario o que defender.

A defensa ilegal sancionase cun tiro libre e posesión do balón, sendo competencia dos árbitros a decisión sobre se se está a producir a devandita circunstancia. Anotase unha “E” no espazo o carón dos períodos extras (xusto debaixo das faltas de equipo da segunda parte) e non contarán para as faltas de equipo nin serán acumulables para castigar o adestrador.

Faltas de Equipo															
Período	①	1	2	3	4	②	1	2	3	4	③	1	2	3	4
Período	④	1	2	3	4	⑤	1	2	3	4	⑥	1	2	3	4
Períodos Extra															

Se a xuízo dos árbitros, un equipo está a realizar unha defensa ilegal, advertirán por unha soa vez desa circunstancia ao adestrador dese equipo (contando o aviso só para ese equipo). Na/s seguinte/s situación/s de defensa ilegal, se as houber, os árbitros sancionarán con defensa ilegal a ese adestrador.



**MANTÉN  
A CALMA**

HAI

**NEN@S  
XOGANDO**



**TI  
EDÚCAME**

MENTRES

**EU  
XOGO**



**O DEPORTE  
EDUCA**

**RESPECTO!**

**...DA EXEMPLO**



FEDERACION GALICIA  
DE BALONCESTO



**XUNTA  
DE GALICIA**